

Plaza número: 22/3014

Número de plazas: 1

Categoría: Ayudante Doctor/a

Dedicación: Tiempo Completo

Área de conocimiento: Didáctica de la Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas y Métodos Investigación y Diagnóstico en Educación

Docencia: 652G02031 Fundamentos de la Educación Física en la Sociedad Actual

652G02014 Diseño y Desarrollo Curricular de la Educación Física

652G02026 Expresión Corporal y Adaptaciones Curriculares

Centro: Facultad Ciencias de la Educación

Una vez que se ha visto la propuesta formulada por la Comisión encargada de juzgar el concurso para la provisión de la plaza arriba indicada.

Una vez que se ha visto el acuerdo adoptado por la Comisión de Reclamaciones en su reunión del 5 de julio de 2022,

Este Rectorado, en uso de las facultades que le confiere el art. 36 de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de mayo (DOG do 26), y en aplicación de lo dispuesto en el apartado 10 de la Normativa por la que se regula el procedimiento para la selección de personal docente e investigador interino y laboral contratado, que se aprueba por acuerdo del Consello de Goberno del 30 de abril de 2014, resuelve asignar la referida plaza al concursante **D./D^a. MIRIAM CARRETERO GARCÍA**.

Contra la presente Resolución, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que se contarán desde el día siguiente al de su notificación o publicación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, y con carácter potestativo, se podrá interponer un recurso de reposición ante este Rectorado, en el plazo de un mes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (BOE de 2 de octubre de 2015).

A Coruña, en la fecha de la firma digital

El rector,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
mlL0C6M6mj7w17UVn+VGJw==	Asinado	14/07/2022 09:38:04
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Página
Observacións		1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mlL0C6M6mj7w17UVn+VGJw==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 5 de xullo de 2022, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Reclamación Praza: 22/3014

Categoría: Axudante doutor/a

Área de Coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia: 652G02031 Fundamentos da Educación Física na Sociedade Actual; 652G02014

Deseño e Desenvolvemento Curricular da Educación Física; 652G02026 Expresión Corporal e

Adaptacións Curriculares

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

A Comisión de Reclamacións, tras analizar o contido da reclamación presentada por don **José Ignacio Salgado López**, a documentación do candidato e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza de 15/06/2022, ratifica todos os puntos do antedito informe e estima axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección.

Acórdase a incorporación do informe da Comisión de Selección de 15/06/2022 á publicación da resolución do concurso.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	AGEw1PpxqC7vZsK0dKgOzQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	06/07/2022 13:49:10
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/AGEw1PpxqC7vZsK0dKgOzQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

Recibida reclamación do candidato D. José Ignacio Salgado López, con DNI 34261660, en prazo e forma, a comisión encargada de resolver o concurso á praza 22/3014, reunida o 13 de xuño ás 9:30 horas na sala de xuntas do decanato da Facultade de CC da Educación, emite o seguinte informe sobre as alegacións por el expostas.

1.- A comisión debe subliñar que non é da súa competencia valorar nin o proceso histórico de creación das áreas de coñecemento mencionadas, nin asumir puntos de vista sobre o que estas deberían ser ou non (exposición dos puntos 1 ao 3 do reclamante). A comisión parte da existencia da área de coñecemento de Didáctica da Expresión Corporal e da área de coñecemento de Educación Física e Deportiva. Ambas poden estar integradas nos departamentos e centros que cada universidade decida. No caso da UDC, a área de Didáctica da Expresión Corporal está adscrita á Facultade de Ciencias da Educación, e a de Educación Física e Deportiva á Facultade de Ciencias do Deporte e da educación Física.

2.- A comisión acorda responder á exposición do reclamante punto por punto, resultando o seguinte (coa finalidade de facilitar a comprensión do texto primeiro figura o argumentado polo reclamante e, a continuación, a resposta da comisión:

Reclamante:

4. Por outra banda, os criterios de avaliación presentados pola Comisión de Selección son confusos e parecen incumprir, ao noso modo de ver, o establecido no marco normativo que ampara a convocatoria. Concretamente en relación co baremo base establecido *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado*, aprobada polo *Consello de Goberno de 30 de abril 2014*, segundo os seguintes aspectos:

- a. O baremo marco establece que a experiencia docente en ensinanzas regradas en niveis non universitarios debe estar no apartado III.4. Porén nos Criterios de Avaliación propostos pola comisión aparece “Actividade profesional en educación física” no apartado VI.1. Esta actividade profesional parece confundirse coa docencia nesa área sendo que no apartado III.4 o máximo é 3ptos e no VI.1. 100 ptos.

Comisión:

A normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado da UDC (en adiante *normativa xeral*) distingue entre a Docencia en ensinanzas regradas en niveis non universitarios (máximo: 3 puntos) - apartado III.4- e a Actividade profesional (máximo: 85 puntos) -apartado VI.1-, por este motivo, a Comisión Avaliadora refírese acertadamente nos Criterios de Avaliación para xulgar a praza 22/3014 (en adiante *criterios da comisión*) á actividade profesional no punto VI.1 e non no III.4.

Reclamante:

- b. De xeito similar a Comisión de Selección valora os méritos referentes á participación en grupos de investigación de universidades públicas ou privadas no apartado V.7 cando a participación en proxectos de investigación aparece no apartado V.4.1, o que podería levar á duplicidade de valoracións de méritos (por proxectos recoñecido e por grupo de

investigación). Ademais, a existencia dun grupo de investigación non implica que este teña produción científica ni calidade suficiente. Precisamente por iso, no baremo só se valoran unicamente o proxectos de investigación concedidos.

Comisión:

A comisión considera que non existe duplicidade algunha, pois o apartado V.4. Financiamento externo da investigación (tanto o punto V.4.1 como o V.4.2) fai referencia a accións de investigación con financiación externa (proxectos, contratos). A comisión considera a pertenza a un grupo de investigación dunha universidade un mérito a ter en conta dentro da experiencia investigadora. Este mérito non se solapa nin se contradí cos méritos recollidos no apartado V.4.1. O reclamante expón que a existencia dun grupo de investigación non implica que este teña produción científica nin calidade suficiente. Queremos recordar que as universidades teñen uns criterios de calidade establecidos para poder constituírse como grupos de investigación. En concreto, a Universidade de A Coruña establece ata 3 niveis, onde o grupo de investigación é o máis alto (con requisitos de constitución máis estritos): grupo de investigación, unidade de investigación e investigador individual.

Reclamante:

Xunto co anterior, ao noso modo de ver, o baremo presentado presenta algúns indicios de falta de coherencia interna como son:

- a) ao noso modo de ver, os criterios de avaliación propostos pola comisión no día da súa constitución non cumpren o establecido na *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado* da UdC. Neste sentido a referida norma establece que o baremo proposto pola comisión debe estar “dentro dos límites establecidos polo baremo” recollido na propia norma como ANEXO I. Agora ben, o baremo recollido no citado Anexo, e que a comisión asume, non especifica valor dos méritos recollidos en certos apartados como son:

- II.4 Outras accións de formación realizadas, onde, a pesar de que se cita “entre outras” so aparece reflectida valoración obxectiva para a formación en idiomas e a formación para a docencia universitaria. Quedan sen poder ser valorados obxectivamente outro tipos de cursos que poden ser introducidos en este apartado, como as actividades formativas de especialización, a formación docente para outros niveis educativos, etc.

Comisión:

A comisión quere recordar que non existe obriga algunha, nin é habitual, especificar todos os apartados da normativa xeral.

A comisión considerou valorar unicamente os tres epígrafes explicitados pola normativa no punto II.4 do baremo, co seguinte resultado:

- Diploma oficial de coñecemento de idioma estranxeiro: 6 puntos.
 - Nivel básico de francés: 1 punto.
 - Nivel intermedio de inglés: 2 puntos.
 - Nivel avanzado de portugués: 3 puntos.
- Coñecemento da lingua propia de Galicia: 3 puntos.
- Cursos de formación docente universitaria: 8 cursos con un total de 75 horas. 0,25 puntos por cada 10 horas = 1,87 puntos.
- Total do apartado II.4: 10,87 puntos.

Reclamante:

- IV.4 Libros e capítulos: neste apartado o baremo marco se especifica que “como criterios de calidade teranse en conta o número de citas, o prestixio da editorial, os editores, a colección en que se publica a obra, as recensións nas revistas científicas especializadas e as traducións a outras linguas. Valoraranse os libros que teñan ISBN e que se publiquen en editoriais especializadas de recoñecido prestixio en que se poida garantir un rigoroso proceso de selección e avaliación dos orixinais”. Porén, a Comisión omite a concreción das puntuacións en función dos aspectos de calidade anteriores. Isto deixa en indefensión aos concursantes, ao non coñecer de forma obxectiva a xustificación das puntuacións que se lle outorgan. Como consecuencia, o baremo sitúase fóra dos límites dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Comisión:

Tendo en conta o baremo indicado na normativa e como se recolle no apartado 7.5 da normativa xeral, a comisión valorou os méritos alegados polo candidato tendo en conta a súa calidade editorial e a adecuación dos méritos ao perfil da praza:

- o 2 capítulos de libro (non se adecúan ao perfil da praza) = 0 puntos.
 - o 1 libro como autor único (con afinidade media, xa que se atopa no ámbito da EF, pero non da docencia do ensino primario) = $6 (*0,5) = 3$ puntos. A comisión quere facer constar que nesta obra o autor reconece explicitamente que a publicación deriva da súa tese doutoral, que xa foi valorada noutro apartado.
 - o 1 libro como coautor (con afinidade media, xa que se atopa no ámbito da EF, pero non da docencia do ensino primario) = $6 (*0,5) = 3$ puntos (/3 autores) = 1 punto.
- Total outorgado neste apartado = 4 puntos.

Reclamante:

- b) Por outro lado, o documento da Proposta da Comisión presenta un claro defecto de forma ao carecer do preceptivo informe do representante sindical, tal como se recolle no apartado 7.1 das convocatorias do concurso recollida na Resolución Reitoral de 5 de xullo de 2021.

Comisión:

O informe do representante sindical non se fai público nos taboleiros de anuncios, senón que se envía xunto co resto da documentación, unha vez finalizado o prazo de reclamacións, ou ben, de existir estas, cando se envía o informe da comisión.

Reclamante:

5. Xunto co anterior, tampouco se pode aceptar a puntuación outorgada no baremo, xa que:
 - No apartado II.2 valorouse a tese de doutoramento do reclamante unicamente con 10 puntos, sen aplicar o coeficiente por afinidade coa área recollido no apartado II.2.b). Cabe lembrar que, tal e como se reflicte no certificado emitido pola secretaria da propia Escola Internacional de Doutoramento da UDC (documento de méritos 7), a citada tese foi titorizada por **Dra. Dna. M^a Inmaculada Canales Lacruz, pertencente à Área de Expresión Corporal do Departamento de Expresión Musical, Plástica e Corporal da Universidad de Zaragoza**. É mais, gran parte das publicacións previas á lectura da mesma se fixeron cando o propio candidato pertencía á citada área de coñecemento da Universidad de Zaragoza. Xunto con isto, a mesma secretaria do acto da lectura, Dra. Dna. Cristina López pertenceu á citada área de coñecemento tanto na Universidade de Zaragoza como na Universidade de Vigo. A maior abundamento, o tema da tese céntrase na

influencia das emocións na aprendizaxe motora, en concreto en contidos da Educación Física, materia onde a área ten competencia na formación dos profesionais, tanto no grao de Maxisterio, como no grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, en función dos planos de estudo das diferentes universidades españolas. Exemplo de esta vinculación coa área é que algúns dos autores que centran os seus estudos na vinculación das emocións coa ensinanza da EF pertence á area de Expresión Corporal, sendo máximos expoñentes os Drs. Pedro Gil Madrona da Universidad de Castilla La Mancha ou Lucio Martínez-Álvarez da Universidad de Valladolid.

- En resume, entendemos que segundo os criterios establecidos pola propia comisión, no apartado II.2 a **puntuación do reclamante debería ser de 25**, superior aos 10 ptos. outorgados, xa que debe ser multiplicada segundo o establecido na *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno de 30 de abril 2014* da UDC “por 2,5” en función da súa afinidade.

Comisión:

- A comisión non considerou os contidos de ningunha das teses presentadas polos candidatos/as como propios ou afíns á área e perfil da praza, polo que non se aplicou coeficiente multiplicador en ningún dos casos.
- Non se aplicou o factor multiplicador por afinidade a ningún dos/as candidatos/as.

Reclamante:

- No apartado II.3 o reclamante alegou dous cursos de postgrao cun total de 450h. Ambos postgraos están relacionados coa formación do docente dentro do sistema educativo español, polo que entendemos que son relevantes coa praza a concurso segundo o seu perfil relacionado co Deseño Curricular. Non se entende, polo tanto, que a puntuación total deste apartado sexa só de 0,9 ptos. É mais nunha praza de asociado convocada dentro da mesma facultade durante o 2021 a valoración deste apartado, cos mesmos meritos alegados, fora xa de 1,5 ptos (o máximo permitido polo baremo marco).

Comisión:

- No apartado II.3 da normativa, no seu segundo epígrafe indícase: “Outros cursos de posgrao universitarios relevantes para a praza”. A comisión considerou que a o curso “Acciones Educativas de España en el Exterior” non se adecúa ao perfil da praza, polo que decidiu valoralo con 0 puntos.
- A comisión valorou o Curso de Aptitude Pedagóxica para o Bacharelato atendendo á normativa xeral: 300 horas (*0,03 puntos por cada 10 horas) = 0,9 puntos.
- Total outorgado neste apartado= 0,9 puntos.

Reclamante:

- No apartado II.4 aléganse 3 certificados de idiomas de Escola Oficial de Idiomas (nivel avanzado de Portugués, nivel básico de Inglés e nivel avanzado de Galego). Dado que os criterios de avaliación da Comisión de Selección ignoran a cuantificación deste méritos, debemos basearnos no baremos marco que é certamente obxectiva, **correspondendo en total a 7 puntos (3, 1 e 3 respectivamente) unicamente polo apartado de idiomas**. Isto deixa tan só 3,87

puntos para o resto de méritos alegados. Porén, **ademais do anterior, o solicitante alega máis de 100 h. de formación para a docencia universitaria específica do ICE** da Universidade de Zaragoza válida sen que neste apartado se poda aplicar afinidade. Polo tanto, desde o noso punto de vista estes cursos deberían representar, ao noso modo de ver, 2,5 pts. Como consecuencia, quedan só 1,37 puntos para todo o resto da formación alegada, máis de 50 actividades formativas, entre a que se encontran Congresos, Xornadas, Titulacións deportivas, etc.. Esta argumentación fai que nos sexa difícil comprender a valoración outorgada pola Comisión, polo que solicitamos o desglose da mesma, dado que, ao noso modo de ver, **os méritos alegado superan amplamente o máximo do apartado, debendo, polo tanto, prorratearse tamén os méritos alegados pola outra candidata.**

Comisión:

A comisión considerou valorar unicamente os tres epígrafes explicitados pola normativa no punto II.4 do baremo, co seguinte resultado:

- Diploma oficial de coñecemento de idioma estranxeiro: 6 puntos.
 - Nivel básico de francés: 1 punto.
 - Nivel intermedio de inglés: 2 puntos.
 - Nivel avanzado de portugués: 3 puntos.
- Coñecemento da lingua propia de Galicia: 3 puntos.
- Cursos de formación docente universitaria: 8 cursos con un total de 75 horas. 0,25 puntos por cada 10 horas = 1,87 puntos.
- Total neste apartado II.4: 10,87 puntos.

Reclamante:

No apartado II.5 alegouse unha beca predoutoral da UDC do bienio 1996-17. Porén, esta non foi valorada, cando debería selo, **cando menos, con 2 pts**, aplicando literalmente o baremo marco da UDC.

Comisión:

A comisión non valorou este mérito por considerar que non está suficientemente acreditado. A normativa indica que hai que achegar a convocatoria da bolsa e un certificado do período efectivo da duración da mesma, que non se atopan na documentación aportada polo candidato. O documento presentado é a concesión da bolsa, na que se indica claramente que é necesario formalizar a aceptación da mesma: “é imprescindible a aceptación desta axuda mediante documento asinado polo bolseiro no que se comprometerá a cumprir tódalas condicións das Bases da Universidade e Xunta para estas axudas”. Este documento de aceptación non se atopa, polo que a comisión non considera acreditada a aceptación da mesma.

Reclamante:

- No apartado III.1 este candidato alega unha Experiencia Docente na área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidade de Zaragoza de algo **máis de 6 anos** o que correspondería con 36 pts x 1 de afinidade = **36 pts.**, fronte aos 32,51 outorgados pola comisión.

Comisión:

- A normativa xeral indica o seguinte respecto a este punto: III.1. Docencia universitaria oficial (máximo: 70 puntos). Profesores con dedicación a tempo completo, 6 puntos por ano. Profesores con dedicación a tempo parcial, por

cada hora impartida 0,02 puntos.

- En función destes criterios e valorando a documentación aportada polo reclamante, a comisión otorgou a seguinte puntuación: 2 anos a tempo completo * 6 puntos = 12 puntos; 1025 horas a tempo parcial * 0,02 puntos por cada hora impartida= 20,51.
- Total neste apartado= 32,51 puntos.

Reclamante:

- No apartado III.4 o reclamante presenta folia de servizos dentro do Corpo de Profesores de Ensino Secundario **de 17 anos, 3 meses e 24 días. Isto corresponde, segundo os criterios do baremo marco a máis de 8,5 pts** xa que, tal como argumentamos, esta docencia está en relación coa área de Didáctica da Expresión Corporal. Agora ben, a puntuación outorgada pola Comisión de Selección é menos da metade. Curiosamente, no concurso de asociado mencionado anteriormente (praza 21/9003) a puntuación outorgada pola comisión da mesma facultade (e que coincide no caso de algúns vogais), a puntuación outorgada si era similar á alegada. Isto indica que a aplicación da afinidade dentro da experiencia docente non universitaria non é estábel dentro da área de Didáctica de Expresión Corporal, o que reforza a miñas alegacións. Ademais, compre ter en conta que no caso do concurso de asociado antes mencionado, o candidato que quedou en primeira posición era xa profesor asociado da área de Didáctica de Expresión Corporal pero carecía de experiencia docente en primaria. **Todo isto levanta sospeitas de falta de obxectividade na Comisión de Selección**, que modifica os criterios de avaliación en función dos candidatos que se presenten, beneficiando claramente a aqueles que partan dun contrato anterior dentro da propia área e cuxo currículum vitae é coñecido por, cando menos, parte da Comisión ao ser compañeiros dentro da Facultade de Educación da UdC.

Comisión:

- A normativa xeral indica o seguinte respecto a este punto VI.1. Actividade profesional. Máximo: 85 puntos. Computarase até 7 puntos por ano na medida en que os postos ou funcións desempeñados sexan relevantes para o perfil da praza e da dedicación a tempo completo ou parcial. É imprescindible presentar documentación acreditativa da relación contractual e dos postos e funcións desempeñados.
- En función destes criterios e valorando a documentación aportada polo reclamante, a comisión otorgou a seguinte puntuación: 17 anos de actividade profesional * 3,5 puntos= 59,5 puntos.
 - Total neste apartado= 59,5 puntos.
 - O factor multiplicador empregado neste caso está explicitamente indicado nos criterios da comisión: VI.1. Actividade profesional.
 - Actividades profesional en educación física na etapa de educación primaria: 7 puntos por ano.
- Actividades profesional en educación física en calquera outra etapa educativa: 3,5 puntos por ano.
- Actividades profesional noutra área de coñecemento: 0,01 puntos por ano.
- A actividade profesional acreditada desenvólvese no ámbito da educación física, pero non na etapa de Educación Primaria, polo que lle corresponde un coeficiente de afinidade neste apartado de 3,5 puntos.
- Respecto do exposto polo reclamante sobre a súa puntuación na praza 21/9003,

hai que recordar que cada praza ten o seu propio perfil e tamén uns criterios específicos publicados pola comisión correspondente que son únicos para esa praza. É perfectamente coherente, polo tanto, que un mesmo mérito sexa puntuado de forma distinta se o perfil da praza é distinto.

- En concreto a praza 21/9003 tiña como obxecto a contratación de profesorado para materia la especialidade de Educación Física no Mestrado Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, polo que a actividade profesional en educación física no ensino secundario seguramente foi valorada coa máxima afinidade. O perfil desta praza, pola contra, ven marcado por materias de educación física pertencentes ao grao en Educación Primaria, de aí que a súa afinidade máxima veña marcada pola actividade profesional en educación física no ensino primario.

Reclamante:

- No apartado III.5 este candidato presentou **10 materiais dixitais**, nove os cales estaban **integrados dentro das diferentes convocatorias** de elaboración de material dixital docente dentro da área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidade de Zaragoza, o que deberían ser valorados con **0,5 ptos. por material, superando, segundo o baremo marco, o máximo de 4 ptos.** deste apartado. Porén, a valoración da comisión foi nula, non podendo entender o por que. É mais, o primeiro material alegado foi realizado cando aínda non existían sequer as Plataformas Dixitais Docentes na universidade, o que implica un grande interese pola innovación por parte do candidato que non se reflite na valoración do mesmo, que se ve novamente perxudicado por circunstancias históricas, non meritórias. Esta falta de valoración é menos comprensíbel se se ten en conta que o material desenvolvido era para a docencia directa de materias vinculadas coa área de coñecemento do concurso, Didáctica da Expresión Corporal, concretamente: *Desarrollo Psicomotor* da titulación de Diplomado en Magisterio Especialista en Educación Infantil e *Didáctica de la Educación Física* da titulación de Diplomado en Magisterio Especialista en Educación Física.

Comisión:

- A comisión decidiu non valorar os méritos alegados por considerar que non están suficientemente xustificadas. Por exemplo, preténdese xustificar unha web docente presentando unicamente a alta de usuario no servizo de hospedaxe de páxinas web, sen que se poida acceder á páxina. Tamén se presentan certificados de participación en proxectos colectivos de materiais docentes ou materiais dentro da plataforma moodle da Universidade da Zaragoza (non accesible). Isto non permite comprobar en que medida o candidato participou na elaboración dos materiais, nin acceder aos seus contidos, polo que non é posible valorar a súa calidade e pertinencia.

Reclamante:

- No tocante á avaliación da docencia (apartado III.6), o asinante alegou a avaliación realizada na Universidad de Zaragoza, no seu último destino como profesor Colaborador LOU no curso 2006-07. Naquel momento non existía o programa Docente, polo que se alega a valoración realizada dentro do programa de Calidade Docente da citada universidade, **cun resultado de “positivo-destacado”**. **Este resultado representa o maior dos posibles**, tal e como se recolle na web da citada universidade (<https://unidadcalidad.unizar.es/calidad-docente>). Poren, a Comisión non valora, novamente, ningún dos méritos alegados neste apartado o que ven a implicar que a calidade docente depende do programa de valoración e non da propia

práctica docente. Non podemos compartir esta visión e reclamamos que se recoñeza a avaliación docente presentada coa máxima puntuación (9 puntos).

Comisión:

- A normativa é moi clara neste apartado e o propio título do epígrafe III.7 indica “Valoración do último período sometido a Docencia”. Non se contempla ningunha excepción ou alternativa. Polo tanto, os únicos méritos computables neste apartado son as avaliacións docentes derivadas do programa Docencia.

Reclamante:

- No apartado III.7 aléganse, entre outros, 12h. de docencia como alumno colaborador do INEF de Galicia, 40 h. de cursos do Programa de Cursos e Seminarios do Departamento de Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal da Universidade de Zaragoza e recoñecidos como materias de libre elección. Ademais, entre outros, se alegan tamén máis de 160h. a maiores doutra formación non relacionada directamente coa universidade (a metade da cal está avalada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia ou o Departamento de Cultura e Turismo do Goberno de Aragón). Porén a valoración de todas estas actividades é 0,5 ptos, o que nos parece insuficiente a todas luces. Agora ben, **curiosamente, os criterios de avaliación propostos só recollen a valoración de actividades docente que só poden ser alegadas por docentes que tiveran experiencia nos últimos 10 ou 12 anos**, período no que se puxeron en marcha os TFG e TFM, aspecto este que novamente beneficia á outra candidata, profesora da Facultade de Educación da UDC nos últimos anos. Porén, este candidato non pode alegar as titorizacións de Prácticum da realizadas durante a súa estancia na Área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidad de Zaragoza, pese a que presentan as mesmas características dos actuais TFG e TFM (memoria, investigación e defensa), porque naquel momento non existían.

Comisión:

- Respecto do apartado III.7 a normativa xeral fai referencia explícita á docencia en institucións universitarias, teses de licenciatura, titorizacións DEA, materias/seminarios de libre elección non incluídas no plan de estudos, formar parte de grupos departamentais de calidade, etc. A comisión aplicou como criterio que se tratase de docencia a nivel universitario e a afinidade coa praza obxecto de concurso. No caso deste candidato, a comisión considerou que os méritos alegados que poderían valorarse (principalmente docencia en cursos e seminarios) non se corresponden co perfil da praza, xa que non se centran na docencia da Didáctica da Expresión Corporal na etapa de Educación Primaria.
- Valorase con 0,5 puntos un premio de innovación educativa outorgado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- A valoración da dirección de TFGs e TFMs figura no baremo xeral aprobado polo consello de goberno da UDC no seu apartado III.2. Dirección de Traballos de Fin de Grado e Mestrado (máximo 2 puntos-7,5 puntos). Cada traballo defendido valórase con 0,5 puntos (0,25 si é codirixido).
- Con respecto aos criterios da comisión, que os méritos sexan de recente aparición non anula a súa validez para avaliar a calidade da docencia ou da investigación. A capacidade de dirixir TFGs e TFMs é unha competencia imprescindible na universidade actual e a comisión considera que debe recoñecerse como mérito docente.

Reclamante:

- No apartado IV.1 de contribucións a congresos, non podemos estar de acordo coa puntuación outorgada. O reclamante presenta **32 comunicacións** a congresos ou xornadas científicas, 8 delas internacionais; 6 posters, 5 dos cales foron defendidos en congresos internacionais; e 4 conferencias plenarias, unha delas de carácter internacional. Segundo as nosas contas **isto correspondería a, cando menos 4,75 ptos.** variando en función dos criterios de afinidade que descoñecemos por non ser claros.

Comisión:

- o 2 comunicacións a congresos internacionais afíns á praza (1): $2*0,25= 0,5$.
- o 10 comunicacións a congresos internacionais afíns á área de Educación Física e Deportiva (0,5): $10*0,25*0,5= 1,25$.
- o 2 pósters a congresos internacionais afíns á área de Educación Física e Deportiva (0,5): $2*0,1*0,5= 0,1$.
- o 1 póster a congresos internacionais afíns á área de Educación Física e Deportiva (0,5) con 6 autores (/6): $(1*0,1*0,5)/6= 0,008$.
- o 2 comunicacións a congresos nacionais afíns á praza (1): $2*0,15= 0,3$.
- o 13 comunicacións a congresos nacionais afíns á área de Educación Física e Deportiva (0,5): $13*0,15*0,5= 0,975$.
- o 1 conferencia a congreso nacional afíns á praza (1): $1*0,3= 0,3$.
- o 1 conferencia a congreso nacional afíns á área de Educación Física e Deportiva (0,5): $1*0,3*0,5= 0,15$.
- o 5 das aportacións deste apartado foron valoradas cun 0 por non aportar o texto da comunicación ou do póster= 0.
- o Valoración total do apartado= 3,5.

Reclamante:

- De xeito similar, tampouco podemos estar de acordo coa puntuación outorgada no apartado IV.2 de artigos de investigación. En concreto, **aportáronse 24 artigos**, dos cais 22 son artigos de investigación, e destes so 5 pertencen ao grupo de menor calidade que se considera con 0,25 ptos posibles. Ademais, dos citados 22 artigos orixinais, todos teñen relación directa con contidos científicos da área salvo dous, máis centrados na área de Música. A nosa consideración como propios da área a estes 22 artigos se basea en que todos eles se refiren contidos nos que a área ten asignación docente na universidade española, xa sexa no grao de Maxisterio (artigos relacionados coa Didáctica da EF en Primaria e o seu currículo) ou no grao de Lic. en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (artigos centrados na Didáctica da EF en secundaria e o seu currículo, os Ciclos Formativos da Familia de Actividades Físicas e Deportivas, ou incluso en ambas titulacións como os artigos focalizados na iniciación deportiva, a saúde, o uso de TICs na EF escolar, ou mesmo o léxico galego propio da materia. Con todo tamén hai que ter en conta que a maioría dos traballos o asinante é o autor principal, ou incluso único, e que 7 das publicacións aparecen de no primeiro lugar da súa categoría. Por todo isto consideramos que a puntuación outorgada polo Comité non reflicte a calidade e cantidade das publicacións alegadas, debendo ser moito maior xa que a suma das puntuacións dos sete artigos nos que figura como único autor é xa é de 6,5 puntos, deixando 2,79 para o resto dos 15 dos artigos presentados. A modo indicativo, segundo os nosos cálculos, este apartado **debería ser valorado, cando menos, con máis de 12 ptos.**

Comisión:

- Tal e como figura no punto 2 do baremo aplicado pola comisión e no IV.1 da normativa xeral, os méritos alegados polo concursante foron valorados do seguinte xeito:
 - Número de artigos presentados: 24.
 - Número de artigos afíns á praza na categoría IN-RECS ou con todos os criterios Latindex: 1 (*1,5 puntos) = 1,5 puntos.
 - Número de artigos con afinidade media (0,5) á praza na categoría IN-RECS ou con todos os criterios Latindex: 7 (*1,5 puntos*0,5) = 5,25 puntos.
 - Número de artigos con afinidade media (0,5) á praza na categoría Latindex 2 (29-31 criterios cumpridos): 4 (*1 puntos*0,5) = 2 puntos.
 - Número de artigos con afinidade media (0,5) á praza na categoría Latindex 3 (26-28 criterios cumpridos): 1 (*0,5 puntos*0,5) = 0,25 puntos.
 - Número de artigos con afinidade media (0,5) á praza na categoría Outras: 2 (*0,25*0,5 puntos) = 0,25 puntos.
 - Número de artigos con afinidade noutras áreas (0,01) na categoría Outras: 5 (*0,25*0,01) = 0,0125.
 - 2 reseñas (non computan como artigos): 0 puntos.
 - Dous artigos sen adecuación ao perfil da praza: 0 puntos.
 - Valoración total deste apartado = 9,29.

Reclamante:

- Ao igual que no apartado anterior, no apartado IV.4 de Libros, capítulos de libros, etc. voltamos a encontrar dificultades para comprender as razóns que xustifican a puntuación que se lle outorga ao reclamante. En concreto, foron alegadas 4 publicacións que reunían os requisitos deste apartado: 2 libros completos e dous capítulos. Esta puntuación é menos comprensíbel se temos en conta que os dous libros presentados foron editados por editoriais de recoñecido prestixio dentro da área de coñecemento (ambas incluídas no Ranking SPI, sendo unha de elas a primeira na categoría de Educación) ou que un deses libros é de autoría única. Para a súa valoración, como xa se referiu nos Antecedentes de Feito, solicitouse á UDC, por indicación do servizo de PDI, que se enviaran os exemplares nela depositados para a súa valoración. Sexa como for, a indefinición dos criterios de afinidade sitúa ao reclamante na indefensión como xa mencionamos antes. En calquera caso, pensamos que **a puntuación debería ser cando menos de 8 puntos**, superior á expresada pola Comisión (4 ptos.), tendo en conta que a puntuación máxima para unha soa monografía nunha editorial de calidade como as referidas pode ser de 6 ptos.

Comisión:

Tendo en conta o baremo indicado na normativa e como se recolle no apartado 7.5 da normativa xeral, a comisión valorou os méritos alegados polo candidato tendo en conta a súa calidade editorial e a adecuación dos méritos ao perfil da praza:

- 2 capítulos de libro (non se adecúan ao perfil da praza) = 0 puntos.
- 1 libro como autor único (con afinidade media, xa que se atopa no ámbito da EF, pero non da docencia do ensino primario) = 6 (*0,5) = 3 puntos. A comisión quere facer constar que nesta obra o autor recoñece

explícitamente que a publicación deriva da súa tese doutoral, que xa foi valorada noutro apartado.

- o 1 libro como coautor (con afinidade media, xa que se atopa no ámbito da EF, pero non da docencia do ensino primario) = $6 (*0,5) = 3$ puntos (/3 autores) = 1 punto.

Total outorgado neste apartado = 4 puntos.

Reclamante:

- No apartado V Experiencia Investigadora o solicitante alega tres méritos, ningún deles valorado pese a que corresponden a:
 - Participación por un ano nun grupo de investigación emerxente dentro da Universidad de Zaragoza (documento 176), con un financiamento de **5369,93€** e recoñecido polo Gobierno de Aragón, mediante a RESOLUCION de 24 de abril de 2003 (*BOA num 58 de 14 de mayo de 2003*), relacionado directamente coa Área de Didáctica da Expresión Corporal, xa que se desenvolveu no seu seo dentro da Universidad de Zaragoza.
 - Participación en un proxecto de I+D da Universidad de Zaragoza e financiado con **51.220,00€** pola Diputación General de Aragón (documento 178.1), tamén referido á área de Educación Física, e no seno dun grupo interdisciplinar no que figurabamos, entre outros, membros da Área de Didáctica da Expresión Corporal desa universidade, polo que non pode ser aplicado un coeficiente 0 por afinidade.
 - Colaboración nunha investigación desenvolvida no seo da Facultade de Educación na Universidade de Santiago de Compostela.

Comisión:

- No baremo oficial, o apartado V.4 “financiamento externo da investigación” contempla dous supostos. O primeiro V.4.1. Proxectos de investigación financiados por entidades públicas ou privadas e o segundo “V.4.2. Contratos asinados pola Universidade ao amparo do art. 83 da LOU e convenios de investigación financiados pola Administración pública ou a empresa privada”. Os méritos alegados polo recorrente neste apartado non concordan con ningún destes supostos, xa que non se trata de proxectos ou convenios, senón de financiación dun grupo de investigación ao que o recorrente pertence en réxime de colaborador externo.
- O recorrente non acredita a participación en proxectos de investigación competitivos ou en contratos, tal e como se definen no apartado V.4.2. As subvencións e axudas aos grupos de investigación (dos cales el é membro externo) non están contempladas como méritos neste apartado.
- Por outra banda, dos tres méritos alegados, só nun deles se fai referencia a que o recorrente pertence ao grupo de investigación (ano 2004). En todas as demais acreditacións de financiación do grupo, non se fai constar que o recorrente fose membro ou colaborador do grupo durante ese tempo, polo que se considera que non está suficientemente acreditada a súa pertenza ao grupo.

Reclamante:

- No apartado V.6 o reclamante presenta certificado de pertencer ao Comité Organizador do XI Seminario Internacional de Praxiología Motriz (documento 179), feito que é valorado con 0,5 pto.cando debería selo con 1pto segundo o baremo marco. Isto non é comprensíbel ao non ser un mérito a que o baremo

marco considere influenciábel pola súa afinidade coa área. En todo caso, esta afinidade está fora de toda dúbida dado que e Praxiología Motriz centra os seus estudos na conducta motriz e considera a propia EF como unha pedagogía de condutas motrices (Parlebas, 2001). Exemplo desta relación coa área é a existencia de teses de doutoramento centradas na praxiología defendidas dentro da propia área de Expresión Corporal, como por exemplo, la de Troya Montañez (2016), *Análisis Praxiológico del Ballet* (disponible en <https://www.educacion.gob.es/teseo/imprimirFicheroTesis.do?idFichero=UkMVhGUaPas%3D>) o la de Hernández Sánchez (2015), *Análisis de las situaciones de enseñanza en voleibol desde una perspectiva praxiológica*, ambas tamén con directores doutores pertencentes á citada área de coñecemento.

Comisión:

Segundo os criterios de avaliación da comisión este mérito debe englobarse na afinidade "Méritos relacionados coa área de Educación Física e Deportiva", o que se corresponde cun coeficiente de 0,5 de valoración sobre a puntuación do mérito. Efectivamente a praxeoloxía motriz está relacionada coa Educación Física en xeral e coa área de Didáctica da Expresión Corporal, pero a afinidade da praza está marcada pola relación coa área de Didáctica da Expresión Corporal **na etapa de Educación Primaria**.

Reclamante:

- No apartado V.7 de outros méritos de investigación, aléganse 20 méritos relacionados con proxectos coa administración educativa autonómica, a Universidade de Santiago o Goberno de Aragón, etc. e incluso 11 deles con pertenza a comités editoriais ou de revisión de revistas científicas (a maior parte delas indexadas como mínimo en Latindex e seis delas indexadas en SJR). Dado que nin a Normativa nin os criterios da Comisión Avaliadora preven a aplicación de "grao de afinidade", tal como recolle o apartado 2º dos citados criterios a puntuación debe rexerse polo establecido no apartado V.7 dos mesmo. É dicir, seguindo o establecido pola Comisión de Selección nos seus propio Criterios de avaliación, **só a valoración dos meritos relacionados coas revisións de artigos científicos debería corresponder co refletido na Táboa 1, cun total de 6 ptos, superando amplamente, polo tanto o máximo**, o que implicaría a ponderación da puntuación alegada pola outra candiata ao ser menor. Porén o conxunto do apartado só se valora con 0,75 ptos.

TÁBOA 1. Cuantificación da participación como revisor de revistas científica segundo os criterios de avaliación da Comisión Avaliadora.

REVISTA	RANKING AVALIDADOR	PUNTUACIÓN	
RICYDE	SJR	ANEP A+	1
Ciencia y Actividad Física	LATINDEX		0,5
Revista Electrónica Educare	SJR, ESCI, LATINDEX		0,5
Lecturas: Educación Física y Deportes	LATINDEX		0,5
Profesorado: Revista de currículum y formación de profesorado	SJR	ANEP A	1
Revista Iberoamericana de Ciencias de la Actividad Física y e Deporte	JCR (JCI 0,16/Q4)		0,5
Journal Sport and Health Research	SJR	ANEP A	1
Revista Portuguesa de Educação	SJR		0,5
Revista Andaluza de Medicina del Deporte	SJR		0,5
		<i>total</i>	6

Comisión:

- O reclamante non acredita axeitadamente un dos seus méritos como revisor externo de revistas: presenta unha captura de pantalla de xaneiro de 2021 no que aparece nun listado de revisores externos dunha revista, pero non aporta certificado algún (RICYDE).
- Presenta cinco certificados de ter realizado a revisión **dun só artigo** para unha revista, pero non aporta un certificado oficial formar parte do panel de revisores de forma asidua, o que non pode ser valorado ao mesmo nivel que unha colaboración como revisor continuada no tempo: 5 revisións puntuais * 0,1 punto= 0,5 puntos.
- Tendo en conta a indexación da revista “Profesorado: revista de currículum y formación del profesorado”, puntuouse a revisión **dun artigo** nesta revista con 0,25.
- Non se valora a pertenza a comités asesores, de arbitraje, etc., das revistas.
- Total neste apartado: 0,75.

Reclamante:

- Tampouco entendemos a baixa valoración da actividade profesional no apartado VI.1. En calquer caso, si se alegan 16 anos de experiencia como Xefe de Departamento Didáctico de Educación Física en diferentes IES, que ao noso modo debería ser valorado xa que se vincula directamente coa área de coñecemento como xa incidimos anteriormente. Para apoiar esta argumentación cabe lembrar que a organización do departamento son contidos que a área imparte dentro das materias de Didáctica da Actividade Física no grao de Lic. CC. da Actividade Física e do Deporte, por exemplo na Universidad de Zaragoza. **Tendo isto en conta a valoración unicamente deste mérito supera xa os 112 ptos**, máis do dobre do outorgado. Isto implicaría, outra vez, a ponderación da valoración da outra candidata, ao ser a nosa superior a dela. En calquera caso, se os comparamos coas valoracións realizadas a este candidato no proceso de selección 21/9003, xa comentado, novamente se ve unha diferenza clara no establecemento dos criterios de afinidade dentro da área. Deste xeito, para os mesmos méritos, naquel momento este apartado era valorado con 119ptos. Isto só é comprensíbel se temos en conta que naquel caso o candidato con contrato coa UDC dentro da área de Didáctica da Expresión Corporal (con docencia na Facultade de Educación), carecía de experiencia alguna no ámbito da Educación Primaria. É dicir, **novamente, en función do candidato se modifican os criterios de afinidade**, para beneficiar aos candidatos que xa posúen un contrato dentro da área de Didáctica de Expresión Corporal. Isto non fai máis que levantar, por non dicir confirmar, sospeitas de falta de obxectividade nas funcións desenvolvidas polos membros da Comisión de Selección

Comisión

- A normativa xeral indica o seguinte respecto a este punto VI.1. Actividade profesional. Máximo: 85 puntos. Computarase até 7 puntos por ano na medida en que os postos ou funcións desempeñados sexan relevantes para o perfil da praza e da dedicación a tempo completo ou parcial. É imprescindible presentar documentación acreditativa da relación contractual e dos postos e funcións desempeñados.
- O factor multiplicador empregado neste caso está explicitamente indicado nos

criterios da comisión: VI.1. Actividade profesional.

- Actividades profesionais en educación física na etapa de educación primaria: 7 puntos por ano.
- Actividades profesionais en educación física en calquera outra etapa educativa: 3,5 puntos por ano.
- Actividades profesionais noutra área de coñecemento: 0,01 puntos por ano.
- A actividade profesional acreditada desenvólvese no ámbito da educación física, pero non na etapa de Educación Primaria, polo que lle corresponde un coeficiente de afinidade neste apartado de 3,5 puntos.
- En función destes criterios e valorando a documentación aportada polo reclamante, a comisión outorgou a seguinte puntuación: 17 anos de actividade profesional * 3,5 puntos = 59,5 puntos.
- Total neste apartado = 59,5 puntos.
- Respecto do exposto polo reclamante sobre a súa puntuación na praza 21/9003, hai que recordar que cada praza ten o seu propio perfil e tamén uns criterios específicos publicados pola comisión correspondente que son únicos para esa praza. É perfectamente coherente, polo tanto, que un mesmo mérito sexa puntuado de forma distinta se o perfil da praza é distinto.
- En concreto a praza 21/9003 tiña como obxecto a contratación de profesorado para materia la especialidade de Educación Física no Mestrado Universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, polo que a actividade profesional en educación física no ensino secundario seguramente foi valorada coa máxima afinidade. O perfil desta praza, pola contra, ven marcado por materias de educación física pertencentes ao grao en Educación Primaria, de aí que a súa afinidade máxima veña marcada pola actividade profesional en educación física no ensino primario.

Reclamante:

- Por último, tampouco se comprende valoración realizada no apartado VI.2. En concreto, entre outros aléganse méritos de titoría externa da UDC por 170h. Aplicando directamente a normativa, e valorando só as titorías en relación coa UDC, implicaría $170/100 \times 0,25 = 0,42$ pto que corresponde exactamente coa valoración outorgada. Isto significa que non foron valorados ningún dos outros méritos alegados, especialmente as que se vinculan coa Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo similares ás realizadas para a UDC, o que carece de sentido ao noso modo de ver.

Comisión:

- A propia normativa xeral no seu punto VI.2. Titor de prácticas externas, indica explicitamente o seguinte: "Até 0,25 puntos por cada 100 horas que exerza como titor na empresa **de alumnos da UDC**". Parece claro que non se poden valorar as titorizacións do alumnado da USC ou UV, xa que iría en contra da normativa vixente que este tribunal ten que aplicar.

Reclamante:

SOLICITA

1. Sexan publicados os criterios de avaliación utilizados para os apartados nos que non se especificaron, tal como presentamos na exposición de motivos.
2. Sexan revisadas as puntuacións outorgadas en base a reclamación presentada e se teñan en conta na resolución definitiva do concurso.
3. Sexan revisados os méritos docentes en relación coa experiencia docente alegada xa que, ao noso modo de ver, non pode ser compatíbel a súa puntuación coa da experiencia profesional.
4. Que se me faciliten as puntuacións desglosadas para cada mérito tanto do reclamante como da candidata que figura en primeiro lugar na orde de prelación, de cara a poder argumentar recursos posteriores.
5. Sexa permitido o acceso ao reclamante á documentación presentada polo candidato citado no parágrafo anterior.

Comisión:

- Respecto do punto 1, entendemos que os criterios de avaliación da comisión xa foron publicados e correctamente aplicados. No propio informe e a petición do reclamante, se detalla a puntuación dos epígrafes reclamados, co que se da resposta tamén ao punto 2 e 3.
- Respecto do punto 4, a comisión garda o borrador da valoración de tódolos méritos outorgada aos candidatos, pero a elaboración dun informe detallando individualmente a puntuación de cada mérito (que se achegan aos 400 méritos) excede a capacidade e funcións desta comisión segundo o recollido no apartado 8.1 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo consello de goberno do 30 de abril de 2014) que indica que: “8.1. as comisións redactarán **unha acta** en que se reflectirá a **puntuación acadada por cada un/unha dos/as concursantes**, seguindo todos e cada **un dos apartados do baremo** que se establece no anexo I da presente normativa”.
- Entendemos que a comisión debe aportar a puntuación de cada apartado do baremo e, de ser o caso, aclarar os puntos que se soliciten, pero non publicar o detalle da puntuación de cada mérito.